

## LETRAS

### A actualidade da fundadora

A AELG volve celebrar o Día de Rosalía cunha lectura simultánea de textos da autora en distintas cidades

REDACCIÓN . SANTIAGO

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organiza para o vindeiro xoves 24, Día de Rosalía, unha lectura simultánea de textos rosalianos en varias cidades e vilas do país, como xa fixera no 2010.

"Durante estes actos lerase tamén un manifesto que defina explicitamente o noso reclamo da actualidade da obra e pensamento rosaliano e a súa transmisión didáctica ás novas xeracións a través tamén da implicación da escola, así como a nosa demanda dun Panteón de Galegos Ilustres que de verdade sexa de titularidade pública e de uso laico, aberto a todas as persoas que a queiran honrar como unha das personalidades fundadoras da nosa nación, xunto aos demais ilustres que alí descansan, para reforzo e orgullo da nosa memoria colectiva", indica a AELG nunha nota.



Imaxe de arquivo da estatua de Rosalía na Alameda compostelá  
FOTO: antonio hernández

As lecturas realizaranse, en Santiago de Compostela, no Panteón de Galegos/as Ilustres ás 19:00 horas; na Coruña no Kiosko Alfonso, ás 19:00 horas; en Vigo na Casa Galega da Cultura ás 20:00 horas; en Lugo no Museo provincial, ás 19:30 horas. No acto a desenvolver no refectorio do Museo, con entrada libre, participará profesorado e alumnado do CEIP Benigno Quiroga Ballesteros, CPR María Auxiliadora, IES Manuel Leiras Pulpeiro e IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, xunto con Pilocho que interpretará a capela poemas de Rosalía de Castro.

En Betanzos o acto desenvolverase no Salón azul do Edificio do Liceo ás 20:00 horas; en Ferrol na Galería Sargadelos ás 19:00 horas e en Ourense na Librería Torga ás 18.00 horas, en colaboración con Gremio LiterAuria Os actos están abertos a todo o público que queira asistir, aínda que a organización solicita o envío previo dun correo electrónico a [aelg.org](mailto:aelg.org) para confirmar que poema vai ler cada asistente.